

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG1111L9	<i>Expediente</i> CON/5/2017	<i>Fecha</i> 28-07-17 13:09

Número 17.- Proposta da concelleira delegada de Economía, Facenda e Administración relativa á adxudicación do contrato de seguro para cobertura de riscos patrimoniais, persoais e de responsabilidade civil derivada do uso de vehículos de motor que integran o parque móbil do concello de Santiago.

Destinatario



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión que tivo lugar o día 28 de xullo de 2017, previa declaración de urxencia acordada por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

NÚMERO 17 .- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE ECONOMÍA, FACENDA E ADMINISTRACIÓN RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SEGURO PARA COBERTURA DE RISCOS PATRIMONIAIS, PERSOAIS E DE RESPONSABILIDADE CIVIL DERIVADA DO USO DE VEHÍCULOS DE MOTOR QUE INTEGRAN O PARQUE MÓBIL DO CONCELLO DE SANTIAGO.

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela da proposta, de data 20 de xullo de 2017, da concelleira delegada de Economía, Facenda e Administración. Así mesmo, do informe favorable de Intervención, número 2017/573 de data 26.7.17.

A devandita proposta é do seguinte teor literal:

"María Rozas Pérez, concelleira delegada de economía, facenda e administración, e presidenta da mesa de contratación da licitación "Seguro para cobertura de riscos patrimoniais, persoais e de responsabilidade civil derivada do uso de vehículos de motor que integran o parque móbil do Concello de Santiago", consonte os termos establecidos no artigo 320 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por RD Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro, en relación co art. 22 do RD 817/2009 de 8 de maio, e en virtude das competencias delegadas por decreto de Alcaldía do 28/06/2017,

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG1111L9	<i>Expediente</i> CON/5/2017	<i>Fecha</i> 28-07-17 13:09

EXPÓN:

Primeiro: Con data 6 de xullo de 2017, celébrase a mesa de contratación na que se acorda que a oferta máis vantaxosa das presentadas é a do licitador BILBAO COMPAÑÍA ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS.

Segundo: Con data 20 de xullo, celébrase a mesa de contratación na que se procede ao análise da documentación aportada polo licitador proposto, considerando os membros da mesma que queda suficientemente acreditado o cumprimento dos distintos requirimentos.

En consecuencia, e consonte ao acordado nas correspondentes reunións da mesa de contratación, esta concellería procede a realizar a seguinte:

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa BILBAO COMPAÑÍA ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS (CIF: A48001648), por un importe de 27.400 euros/ano non suxeito a IVE, ó ser a súa a oferta máis vantaxosa das presentadas.

Así mesmo, incrementa as garantías incluíndo a retirada do permiso de conducir, roubo e incendio, responsabilidade civil da mercancía transportada en remolques, camións e maquinaria industrial, incrementándose tamén a porcentaxe de participación en resultados ata o 16%.

Desígnase como responsable do contrato a D. José Rey Camino, xefe do parque móbil municipal.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 010 92000 22401, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Anualidade 2017: 11.416'67 euros.
Anualidade 2018: 27.400 euros.
Anualidade 2019: 15.983'33 euros."

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG1111L9	<i>Expediente</i> CON/5/2017	<i>Fecha</i> 28-07-17 13:09

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros presentes:

Adxudicar o contrato de "Seguro para cobertura de riscos patrimoniais, persoais e de responsabilidade civil derivada do uso de vehículos de motor que integran o parque móbil do Concello de Santiago", a favor da empresa **BILBAO COMPAÑÍA ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS** (CIF: A48001648), por un importe de 27.400 euros/ano, non suxeito a IVE, ao ser a súa a oferta máis vantaxosa das presentadas.

Así mesmo, incrementar as garantías incluíndo a retirada do permiso de conducir, roubo e incendio, responsabilidade civil da mercancía transportada en remolques, camións e maquinaria industrial, incrementándose tamén a porcentaxe de participación en resultados ata o 16%.

Designase como responsable do contrato a D. José Rey Camino, xefe do parque móbil municipal.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 010 92000 22401, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Anualidade 2017: 11.416,67 euros.
Anualidade 2018: 27.400 euros.
Anualidade 2019: 15.983,33 euros.

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO

Asdo: Xan Xesús Duro Fernández

